

# PERANTE A UNIÓN EUROPEA

ALFONSO R. CASTELAO

Velaí un tema que é forzoso encarar i enxuciarse baixo a luz da nosa vocación universalista.

O federalismo volve a rexudir en Europa como a única maneira segura de conquistar a paz dentro da liberdade. Trátase dun movemento crítico dos Estados aínda fideles á Revolución francesa. Xa no remate da outra gran guerra se manifestou esta mesma disposición de ánimo, nobremente alentada por Arístides Briand e refugada polos ingleses; pero agora prácenos ver a Winston Churchill convertido en animador do federalismo europeo e seguido, en primeiro lugar, polos socialistas franceses.

Xa sabemos que as Federacións endexamais foron enxendradas por doutrinas filosóficas, nin por especulacións metafísicas, nin tan siquera por ideas económicas, senón por eisixencias concretas e imperiosas. Así, é doado ver como cada realización federalista —velaí a Suíza, os EEUU e a URSS— ten a súa fórmula especial, diferente; pero non hai dúbida de que todas elas foron enxendradas polo mesmo desexo de vivir en paz e liberdade, suprimindo de raíz os motivos de conflito. E como nunca se veu que o chamado “pacifismo” fose capaz de deter, nin por un soio minuto, o brazo agresor de ningún Estado, resulta natural que a Babel europea poña de novo os seus ollos na pequena e feliz Suíza, onde catro línguas, catro culturas, tres razas e dúas relixións conviven en paz pola virtude do seu sistema político. Así a vella Europa, vítima do anarquismo internacional e temerosa dunha terceira guerra, agárrase ao federalismo como a unha táboa de salvación.

Claro está que non hai oposición algunha entre o federalismo europeo e o federalismo mundial, senón ao contrario, pois soio se pretende formar un conxunto orgánico europeo dentro dun mundo unido. Si se quer evitar unha terceira guerra que culmiñe na disgregación atómica da humanidade, non hai máis remedio que constituír, a toda présa, unha Europa san, solidaria e renascida, fronte a todo xéne-

ro de totalitarismos e contra o trágico afán de dividir o mundo en dous bandos extremos ao servizo de dous Estados xigantes. O movemento federalista europeo naceu como unha concepción nidiamente política, anque agora se deixe enlondar por intreses económicos. A federación dos Estados Europeos —según se dixo— sería o modelo e a etapa primeira da Federación mundial: único modo de garantir a paz dentro da liberdade.

## A ORGANIZACIÓN DO MOVIMENTO FEDERALISTA

O clarinazo lanzouse dende Suíza por uns cantos federalistas de boa vontade.

Unha reunión inicial dos federalistas europeos, celebrada en Hertenstein no mes de setembro de 1946, acadou semellante éisito que no mes seguinte xa se celebraba un importantísimo Congreso no Luxemburgo, ao que concurriron representantes de Norte América. Cómpre sinalar que os yankees manifestaron o desexo de ir inmediatamente á constitución dun Goberno mundial, ao que un congresista francés obxetou que “o federalismo non se encarna somentes na idea dun Goberno superior, porque de formarse ao xeito de moitos Estados aituas, centralistas e totalitarios, ese Goberno colocaría nos antípodas do federalismo; sería, polo contrario, a forma suprema do imperialismo”. E como a representación yankee insistira en que denantes de pensar nuns Estados Unidos de Europa, debería traballarse pola formación dun Goberno supraestatal, unha señora inglesa advirteulles que para opinaren así sería ben que prometeran abolir os Estados Unidos de América...

Sigueu ao Congreso Federalista do Luxemburgo unha xuntanza en Bade e outra en París (ambas no Nadal de 1946), e no mes de abril do 1947 levouse a cabo o segundo congreso, en Amsterdam, no que se tomaron acordos de suma importancia. A primeira declaración di así: “Que un convenio federal europeo é indispensable para superar a política de bloques, evitando así un novo conflito que resultaría inevitable de dividir o mundo en zonas de influencia”.

Hoxe eisisten en Europa moitísimas asociacións federalistas, con dirixentes de outro releve. Que nós coñezamos hai unha en Alemaña; cinco en Inglaterra, dúas en Austria; cinco en Bélxica; unha en Dinamarca; dez en Franza, seis en Italia, unha no Luxemburgo, unha en Suecia; unha en Noruega, tres en Holanda, seis en Suíza. Todas estas entidades están ao servizo da paz e do federalismo mundial, para o que eisisten, de por parte, cinco asociacións nos Estados Unidos. O movemento conta, que nós seipamos, con trece revistas en varios idiomas, folletos innumerábeis e libros de verdadeiro intrés.

O federalismo europeo está pasando do estado chan ás esferas oficiaes. Cento vinte deputados franceses tomaron a iniciativa de pedir ao seu Goberno que orgaíce unha Asambreia constituínte europea. E o Comité internacional de coordinación dos Estados de Europa realizará, según está anunciado, un gran Congreso na Haya

a mediados do próximo mes de maio, baixo a presidencia de Churchill e contando cunha comisión política presidida por Ramadier.

Nótese a ausencia e despreocupación total do republicanismo hespañol nese movemento. Nótese o silencio do Goberno estraterritorial da República hespañola.

## REFLEXIÓNS ENCOL DA MODA FEDERALISTA

Xa é dabondo asombroso que os elementos máis unitaristas e centralistas do mundo se declarasen partidarios do federalismo; pero tampouco deixa de asombrarnos que os dous super-Grandes —afeitos ao disfrute das armonías federalistas— frunzan o entrecello perante a posibilidade de constituírense os Estados Unidos de Europa, porque elo debería ser favorecido, en primeiro lugar, polas Potencias asentadas sobor do sistema federal. O que pasa é que os Grandes non arelan unha Europa federada porque sería impermeable aos seus maquiavelismos.

Quen sigueu, paso a paso, as incidencias do movemento federalista europeo e puxo coidado en coñecer todo canto dixeron i escribiron os seus líderes, máis que asombrado, ficará aterrado ao ver que a concepción federalista, nascida para opoñerse á política dos bloques, leva agora camiño de trocarse en fundamento dun Bloque oucidental europeo, dando de lado a idea proposta como única maneira de conquistar a paz dentro da liberdade. Non esquezamos, para enxuizar estas inconsecuencias, que tamén Mr. Attlee, en 1939, dixo a modo de consiña: “Europa debe federarse ou morrer”.

En verdade, os farautes do Federalismo europeo aínda non son auténticos federalistas, porque para selo sería preciso que pensaran máis nas nacións que nos Estados. Sería preciso, en fin, que non mesturaran o plan Marshall co Federalismo.

## A NOSA AITITUDE

Poderíamos enumerar os tíduos que Galiza ten para merecer un posto de confianza e de honor en calisquera empresa federalista, xa non digamos hispana, senón peninsular. Lembremos, somentes, que tódalas orgaizacións políticas do galeguismo recoñeceron este principio básico: “Galiza, célula de Universalidade. Antiimperialismo, antimilitarismo e federalismo internacional”. Esto concédenos un dereito especial para opinar encol dun tema que é propiamente galego.

Os galeguistas —galeguistas de partido ou sen partido— sentímonos ledos i entusiasmados coa idea de federar os diversos pobos de Europa. E se o congreso federalista da Haya tomase en consideración a eisistencia das nacionalidades, tanto

como toma os Estados, nós repetiríamos alí o mesmo que xa dixemos no IX Congreso das Minorías Nacionaes, adscrito á sociedade das Nacións. Espoñeríamos o noso caso, non soio en relación co totalitarismo hespañol de agora, senón co totalitarismo hespañol de sempre, do que Franco non é máis que unha de tantas anécdotas.

Alí deixaríamos sentado que os Estados soio poderán converterse en órgaos proveitosos da humanidade cando aprendan a respetar por igual a tódolos seus pobos, pois mal podería cooperar lealmente a unha armonía supraestatal quen non sabe ou non quer armonizar a súa propia diversidade. ¿Non é acaso certo que soio do hábito de vivir en paz interior se propende a unha meirande armonía nas relacións exteriores?

Alí advertiríamos aos federalistas europeos que unha Hespaña unitaria e centralista endexamais sería merecedora de ingresar nos Estados Unidos de Europa, aínda que chegase a reorganizarse con arreglo aos “direitos do home” proclamados en Filadelfia e París, porque nós queremos ser libres de verdade e non de mentira, pois non imos comulgar a estas horas con ningunha caste de supersticións políticas, aunque se intente pintalas con coores democráticos. A mentira endexamais pode conducir a unha verdadeira democracia.

Desexamos que, pese aos maquiavelismos imperialistas, a constitución dos Estados Unidos de Europa sexa un feito e que Hespaña, convertida en Estado Federal, entre a disfruitar, por fin, da armonía interior i exterior que necesita. Pero nós seguiremos sendo galegos, en Galiza, en Hespaña, en Europa e no mundo, porque mal amariamos a humanidade se non empezamos amando a nosa patria. E pensando así somos verdadeiros federalistas.

*A Nosa Terra* 460, IV-1948



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA

XUNTOS  
DENDE 1957